

Indicadores demográficos

METODOLOXÍA

1. Obxectivos e utilidades

O obxectivo desta operación estatística é a obtención dunha serie de indicadores descritivos da situación demográfica de Galicia, coa que se pretende proporcionar unha información útil para o estudo da estrutura, composición e evolución da poboación así como permitir realizar comparacións temporais e/ou entre distintos ámbitos xeográficos.

2. Fontes. Información de base

A información correspondente ás cifras de poboación procede das *Cifras de poboación* do Instituto Nacional de Estadística (INE), para a información a nivel provincial e para o total de Galicia. No caso dos datos das comarcas e concellos, a información procede, para os anos 1998 a 2001, do *Padrón municipal de habitantes*, e a partir do ano 2002, das *Cifras poboacionais de referencia*, do IGE¹.

Os datos sobre a superficie do territorio proceden do INE, que os publica no seu *Anuario Estadístico de España*.

A fonte de información para a elaboración dos indicadores sobre natalidade e fecundidade, mortalidade e nupcialidade son os ficheiros de microdatos anuais definitivos do *Movimiento Natural de la Población* do INE. Nestes ficheiros os fenómenos demográficos están clasificados por lugar de residencia da nai en nacementos, do falecido en defuncións e do matrimonio no seu caso.

No caso da elaboración dos indicadores sobre divorcios utilizáronse os ficheiros de microdatos anuais da *Estadística de Nulidades, Separaciones y Divorcios* do INE, na que os divorcios están clasificados segundo a provincia do órgano xudicial que dicta a correspondente sentenza, non segundo a residencia dos cónxuxes.

¹ Para poder calcular os indicadores municipais de natalidade e fecundidade, mortalidade e nupcialidade dos concellos de Cesuras e de Oza dos Ríos no ano 2013, e dos concellos de Cerdedo e Cotobade no ano 2016, sería preciso ter a poboación a final do período de cada un dos concellos por separado. Como isto non é posible porque a partir de 2014 xa é efectiva a fusión no concello de Oza-Cesuras, e a partir de 2017 no concello de Cerdedo-Cotobade, fixéronse estimacións da poboación de cada un dos concellos por separado utilizando a poboación dos respectivos novos concellos fusionados.

3. Tipos de indicadores

Os indicadores elaborados aparecen divididos segundo a súa temática: indicadores de poboación, de natalidade e fecundidade, de mortalidade e de nupcialidade e divorcios.

3.1. Indicadores de poboación

Neste grupo inclúense indicadores que permiten a análise da estrutura poboacional por idades e/ou por distribución xeográfica dos distintos ámbitos territoriais. En todos os indicadores, agás no caso do índice de masculinidade, que xa leva implícita a información, inclúese desagregación por sexo.

3.1.1. Taxa de crecemento composto continuo da poboación

- Definición: Incremento da poboación baseado nun modelo de crecemento exponencial continuo.
- Fórmula de cálculo:

$$r_t = \left(\ln \frac{P^{t+1}}{P^t} \right) \times 100$$

Onde: P^t é o total de poboación no 1 de xaneiro do ano t .

3.1.2. Porcentaxe de poboación segundo ámbito xeográfico

- Definición: Porcentaxe de poboación dun territorio sobre o total da poboación do ámbito xeográfico superior, sendo os niveis considerados, de nivel superior a inferior, os seguintes: España, Galicia, provincias, comarcas e concellos.
- Fórmulas de cálculo:

$$Pob_{Esp-Gal}^t = \frac{P_{Galicia}^t}{P_{España}^t} \times 100; \quad Pob_{Gal-prov}^t = \frac{P_{provincia}^t}{P_{Galicia}^t} \times 100;$$
$$Pob_{prov-com}^t = \frac{P_{comarca}^t}{P_{provincia}^t} \times 100; \quad Pob_{com-conc}^t = \frac{P_{concello}^t}{P_{comarca}^t} \times 100$$

Onde: $P_{\text{ámbito}}^t$ é o total de poboación no 1 de xaneiro do ano t no ámbito xeográfico.

3.1.3. Porcentaxes da poboación por grandes grupos de idade

- Definición: Estes indicadores mostran as porcentaxes sobre o total da poboación dos seguintes grupos de idade: menores de 20 anos, de 20 a 64 anos e maiores de 64 anos.
- Fórmulas de cálculo:

$$I_{<20}^t = \frac{P_{<20}^t}{P^t} \times 100; I_{20-64}^t = \frac{P_{20-64}^t}{P^t} \times 100; I_{>64}^t = \frac{P_{>64}^t}{P^t} \times 100$$

Onde: P_x^t é o total de poboación no grupo de idade x no 1 de xaneiro do ano t

P^t é o total de poboación no 1 de xaneiro do ano t .

3.1.4. Índice de envellecemento

- Definición: Relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación de menos de 20 anos.

- Fórmula de cálculo:

$$I_e^t = \frac{P_{>64}^t}{P_{<20}^t} \times 100$$

Onde: P_x^t é o total de poboación no grupo de idade x no 1 de xaneiro do ano t .

3.1.5. Índice de sobreenvellecemento

- Definición: Relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos.

- Fórmula de cálculo:

$$I_{se}^t = \frac{P_{>84}^t}{P_{>64}^t} \times 100$$

Onde: P_x^t é o total de poboación no grupo de idade x no 1 de xaneiro do ano t .

3.1.6. Índices de dependencia

- Definición: Relación entre a poboación en idade potencialmente dependente e a poboación en idade potencialmente activa.

- Fórmulas de cálculo:

$$\text{Índice de dependencia global: } I_{dg}^t = \frac{P_{<15}^t + P_{>64}^t}{P_{15-64}^t} \times 100$$

$$\text{Índice de dependencia xuvenil: } I_{dx}^t = \frac{P_{<15}^t}{P_{15-64}^t} \times 100$$

$$\text{Índice de dependencia senil: } I_{ds}^t = \frac{P_{>64}^t}{P_{15-64}^t} \times 100$$

Onde: P_x^t é o total de poboación no grupo de idade x no 1 de xaneiro do ano t .

3.1.7. Índice de estrutura da poboación en idade activa

- Definición: Relación entre a poboación de 40 a 64 anos e a poboación de 15 a 39 anos.

- Fórmula de cálculo:

$$I_r = \frac{P_{40-64}^t}{P_{15-39}^t} \times 100$$

Onde: P_x^t é o total de poboación no grupo de idade x no 1 de xaneiro do ano t .

3.1.8. Índice de recambio da poboación en idade activa

- Definición: Relación entre a poboación de 60 a 64 anos e a poboación de 15 a 19 anos.

- Fórmula de cálculo:

$$I_r^t = \frac{P_{60-64}^t}{P_{15-19}^t} \times 100$$

Onde: P_x^t é o total de poboación no grupo de idade x no 1 de xaneiro do ano t .

3.1.9. Idade media da poboación no 1 de xaneiro

- Definición: media aritmética das idades dos individuos que compoñen unha poboación, no 1 de xaneiro de cada ano.

- Fórmula de cálculo: Calcúlase a partir da distribución da poboación en idades simples², considerando que cada individuo de idade cumprida x ten idade $x+0,5$.

$$\bar{X}^t = \frac{\sum_x (x + 0,5) \times P_x^t}{\sum_x P_x^t}$$

Onde: P_x^t é o total de poboación de idade x no 1 de xaneiro do ano t .

3.1.10. Densidade de poboación

- Definición: número de habitantes por cada quilómetro cadrado de superficie do territorio.

- Fórmula de cálculo:

² O cálculo das idades medias desde o ano 1975 ata o ano 2001 utiliza grupos quinquenais de idade, co que a

fórmula aplicada é a seguinte:
$$\bar{X}^t = \frac{\sum_{[x,x+5)} (x + 2,5) \times P_{[x,x+5)}^t}{\sum_{[x,x+5)} P_{[x,x+5)}^t}$$

$$D^t = \frac{P^t}{S} \times 100$$

Onde: P^t é o total de poboación no 1 de xaneiro do ano t

S é a superficie do territorio considerado, medida en quilómetros cadrados.

3.1.11. Índice de masculinidade

- Definición: número de homes por cada 100 mulleres nun determinado grupo de individuos.
- Fórmula de cálculo:

$$I_{\text{masc}}^t = \frac{Pm^t}{Pf^t} \times 100$$

Onde: Pm^t é a poboación masculina no 1 de xaneiro do ano t

Pf^t é a poboación feminina no 1 de xaneiro do ano t .

3.2. Indicadores de natalidade e fecundidade

Neste grupo inclúense indicadores que permiten a análise da natalidade (relacionados cos nacementos) e da fecundidade (relacionados coas características da nai) nos distintos ámbitos xeográficos galegos.

A dispoñibilidade de información poboacional a nivel xeográfico de provincia segundo nacionalidade desde o ano 2002, permite a obtención dos indicadores segundo a nacionalidade española ou estranxeira (incluíndo neste apartado ás persoas de nacionalidade non española, apátridas ou de nacionalidade descoñecida) para as provincias e o total de Galicia.

3.2.1. Taxa bruta de natalidade

- Definición: Número de nacementos no ano por cada 1000 habitantes, tomando como poboación de referencia unha estimación da poboación na metade do ano.
- Fórmula de cálculo³:

$$TBN^t = \frac{N^t}{\frac{P^t + P^{t+1}}{2}} \times 1000$$

³ No caso dos indicadores dos anos 1975 a 1997, utilízase no denominador a estimación intercensal da poboación no 1 de xullo de cada ano, en lugar de promediar as poboacións no 1 de xaneiro de dous anos consecutivos.

Onde: N^t é o total de nacementos durante o ano t

P^t é o total de poboación no 1 de xaneiro do ano t .

3.2.2. Taxa bruta de natalidade segundo nacionalidade (española/estranxeira)

- Definición: Número de nacementos segundo a nacionalidade da nai (española ou estranxeira) no ano por cada 1000 habitantes desa nacionalidade, tomando como poboación de referencia unha estimación da poboación desa nacionalidade na metade do ano.

- Fórmula de cálculo⁴:

$$TBN_{nac}^t = \frac{N_{nac}^t}{\frac{P_{nac}^t + P_{nac}^{t+1}}{2}} \times 1000$$

Onde: N_{nac}^t é o total de nacementos segundo a nacionalidade (española/estranxeira) da nai durante o ano t

P_{nac}^t é o total de poboación segundo nacionalidade (española/estranxeira) no 1 de xaneiro do ano t .

3.2.3. Taxa xeral de fecundidade

- Definición: Número de nacementos por cada 1000 mulleres en idade fértil.
- Fórmula de cálculo⁵:

$$TXF^t = \frac{N^t}{\frac{Pf_{15-49}^t + Pf_{15-49}^{t+1}}{2}} \times 1000$$

Onde: N^t é o total de nacementos durante o ano t

Pf_{15-49}^t é a poboación feminina entre 15 e 49 anos, no 1 de xaneiro do ano t .

3.2.4. Taxa xeral de fecundidade segundo nacionalidade (española/estranxeira)

- Definición: Número de nacementos segundo a nacionalidade da nai (española ou estranxeira) por cada 1000 mulleres desa nacionalidade en idade fértil.
- Fórmula de cálculo⁶:

⁴ No caso dos indicadores dos anos 1975 a 1997, utilízase no denominador a estimación intercensal da poboación no 1 de xullo de cada ano, en lugar de promediar as poboacións no 1 de xaneiro de dous anos consecutivos.

⁵ No caso dos indicadores dos anos 1975 a 1997, utilízase no denominador a estimación intercensal da poboación no 1 de xullo de cada ano, en lugar de promediar as poboacións no 1 de xaneiro de dous anos consecutivos.

$$TXF_{nac}^t = \frac{N_{nac}^t}{\frac{Pf_{15-49,nac}^t + Pf_{15-49,nac}^{t+1}}{2}} \times 1000$$

Onde: N_{nac}^t é o total de nacementos segundo a nacionalidade (española/estranxeira) da nai durante o ano t

$Pf_{15-49,nac}^t$ é a poboación feminina entre 15 e 49 anos segundo a nacionalidade (española/estranxeira), no 1 de xaneiro do ano t .

3.2.5. Taxas específicas de fecundidade

- Definición: Relación entre os nacementos correspondentes a nais dun determinado grupo de idade co efectivo total de mulleres nese grupo de idade.

- Fórmula de cálculo⁵:

$$f_{x,x+5}^t = \frac{N_{x,x+5}^t}{\frac{Pf_{x,x+5}^t + Pf_{x,x+5}^{t+1}}{2}} \times 1000$$

Onde: $N_{x,x+5}^t$ é o total de nacementos no ano t de nais no grupo de idade $[x, x + 5)$

$Pf_{x,x+5}^t$ é a poboación feminina no grupo de idade $[x, x + 5)$ no 1 de xaneiro do ano t .

Os grupos de idade da nai considerados son os seguintes: de 15 a 19 anos, de 20 a 24 anos, de 25 a 29 anos, de 30 a 34 anos, de 35 a 39 anos, de 40 a 44 anos, e de 45 a 49 anos. Os nacementos de nais menores de 15 anos englobábase no primeiro grupo e os de nais maiores de 49 anos no último.

3.2.6. Índice sintético de fecundidade

- Definición: Número esperado de fillos por muller ao longo da súa vida fértil. Obtense como a suma das taxas específicas de fecundidade.

- Fórmula de cálculo:

$$ISF^t = \left(5 \times \sum_{[x,x+5)} f_{x,x+5}^t \right) / 1000$$

Onde: $f_{x,x+5}^t$ é a taxa específica de fecundidade das nais do grupo de idade $[x, x + 5)$ no ano t .

⁶ No caso dos indicadores dos anos 1975 a 1997, utilízase no denominador a estimación intercensal da poboación no 1 de xullo de cada ano, en lugar de promediar as poboacións no 1 de xaneiro de dous anos consecutivos.

Os grupos de idade da nai considerados son os seguintes: de 15 a 19 anos, de 20 a 24 anos, de 25 a 29 anos, de 30 a 34 anos, de 35 a 39 anos, de 40 a 44 anos, e de 45 a 49 anos.

Por estar referidas as taxas específicas a grupos quinquenais, é preciso multiplicar por 5 o resultado final, e dividir por 1000, por referirse este indicador a unha muller, e non a 1000 como as taxas específicas.

3.2.7. Índice sintético de fecundidade segundo nacionalidade (española/estranxeira)

- Definición: Número esperado de fillos por muller ao longo da súa vida fértil, segundo a nacionalidade da nai (española/estranxeira).

- Fórmula de cálculo:

$$ISF_{nac}^t = \left(5 \times \sum_{[x, x+5)} f_{x, x+5, nac}^t \right) / 1000$$

Onde: $f_{x, x+5, nac}^t$ é a taxa específica de fecundidade segundo a nacionalidade das nais do grupo de idade $[x, x + 5)$ no ano t .

Os grupos de idade da nai considerados son os seguintes: de 15 a 19 anos, de 20 a 24 anos, de 25 a 29 anos, de 30 a 34 anos, de 35 a 39 anos, de 40 a 44 anos, e de 45 a 49 anos.

Por estar referidas as taxas específicas a grupos quinquenais, é preciso multiplicar por 5 o resultado final, e dividir por 1000, por referirse este indicador a unha muller, e non a 1000 como as taxas específicas.

3.2.8. Idade media á maternidade

- Definición: Media aritmética das idades ás que as mulleres teñen os fillos, ponderada polas taxas específicas de fecundidade de cada grupo de idade.

- Fórmula de cálculo:

$$IMM^t = \frac{\sum_x \left(x + \frac{5}{2} \right) f_{x, x+5}^t}{\sum_x f_{x, x+5}^t}$$

Onde: $f_{x, x+5}^t$ é a taxa específica de fecundidade das nais do grupo de idade $[x, x + 5)$ no ano t .

Por estar referidas as taxas específicas a grupos quinquenais, para cada grupo tómase como idade o punto medio do intervalo, é dicir, $x + \frac{5}{2}$.

3.2.9. Idade media á maternidade segundo nacionalidade (española/estranxeira)

- Definición: Media aritmética das idades ás que as mulleres teñen os fillos segundo a nacionalidade (española/estranxeira), ponderada polas taxas específicas de fecundidade de cada grupo de idade.
- Fórmula de cálculo:

$$IMM_{nac}^t = \frac{\sum_x \left(x + \frac{5}{2} \right) f_{x,x+5,nac}^t}{\sum_x f_{x,x+5,nac}^t}$$

Onde: $f_{x,x+5,nac}^t$ é a taxa específica de fecundidade segundo a nacionalidade (española/estranxeira) das nais do grupo de idade $[x, x + 5)$ no ano t .

Por estar referidas as taxas específicas a grupos quinquenais, para cada grupo tómase como idade o punto medio do intervalo, é dicir, $x + \frac{5}{2}$.

3.2.10. Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo

- Definición: Media aritmética das idades ás que as mulleres teñen o seu primeiro fillo, ponderada polas taxas específicas de fecundidade de cada grupo de idade das nais que teñen o seu primeiro fillo.
- Fórmula de cálculo:

$$IM1M^t = \frac{\sum_x \left(x + \frac{5}{2} \right) f_{x,x+5}^{1,t}}{\sum_x f_{x,x+5}^{1,t}}$$

Onde: $f_{x,x+5}^{1,t}$ é a taxa específica de fecundidade das nais do grupo de idade $[x, x + 5)$ que teñen o seu primeiro fillo no ano t .

Por estar referidas as taxas específicas a grupos quinquenais, para cada grupo tómase como idade o punto medio do intervalo, é dicir, $x + \frac{5}{2}$.

3.2.11. Idade media da nai ao nacemento do seu primeiro fillo segundo nacionalidade (española/estranxeira)

- Definición: Media aritmética das idades ás que as mulleres teñen o seu primeiro fillo segundo a nacionalidade (española/estranxeira), ponderada polas taxas específicas de fecundidade de cada grupo de idade das nais que teñen o seu primeiro fillo.
- Fórmula de cálculo:

$$IM1M_{nac}^t = \frac{\sum_x \left(x + \frac{5}{2}\right) f_{x,x+5,nac}^{1,t}}{\sum_x f_{x,x+5,nac}^{1,t}}$$

Onde: $f_{x,x+5,nac}^{1,t}$ é a taxa específica de fecundidade segundo a nacionalidade (española/estranxeira) das nais do grupo de idade $[x, x + 5)$ que teñen o seu primeiro fillo no ano t .

Por estar referidas as taxas específicas a grupos quinquenais, para cada grupo tómase como idade o punto medio do intervalo, é dicir, $x + \frac{5}{2}$.

3.2.12. Taxa bruta de reprodución

- Definición: Número medio de fillas que tería unha muller ao longo da súa vida fértil en ausencia de mortalidade.
- Fórmula de cálculo:

$$TBR^t = ISF^t \times \frac{N_f^t}{N^t}$$

Onde: N_f^t é o total de nacementos femininos durante o ano t

N^t é o total de nacementos durante o ano t .

3.2.13. Relación de masculinidade ao nacemento

- Definición: número de nacementos masculinos por cada 100 nacementos femininos.
- Fórmula de cálculo:

$$I_{masc,nac}^t = \frac{N_m^t}{N_f^t} \times 100$$

Onde: N_m^t é o total de nacementos masculinos durante o ano t

N_f^t é o total de nacementos femininos durante o ano t .

3.2.14. Porcentaxe de nacementos de nais non casadas

- Definición: número de nacementos de nais non casadas (solteiras, viúvas ou divorciadas) por cada 100 nacementos.
- Fórmula de cálculo:

$$PN_{nc}^t = \frac{N_{nc}^t}{N^t} \times 100$$

Onde: N_{nc}^t é o total de nacementos de nais non casadas durante o ano t

N^t é o total de nacementos durante o ano t .

3.2.15. Porcentaxe de nacementos de nais con nacionalidade estranxeira

- Definición: número de nacementos de nais de nacionalidade estranxeira (inclúense as denominadas “apátridas”) por cada 100 nacementos.

- Fórmula de cálculo:

$$PN_{n \text{ estranx}}^t = \frac{N_{n \text{ estranx}}^t}{N^t} \times 100$$

Onde: $N_{n \text{ estranx}}^t$ é o total de nacementos de nais con nacionalidade estranxeira (incluíndo as apátridas) durante o ano t

N^t é o total de nacementos durante o ano t .

3.2.16. Porcentaxe de nacementos de nais nadas en Galicia

- Definición: número de nacementos de nais nadas en Galicia por cada 100 nacementos.

- Fórmula de cálculo:

$$PN_{n \text{ nac Gal}}^t = \frac{N_{n \text{ nac Gal}}^t}{N^t} \times 100$$

Onde: $N_{n \text{ nac Gal}}^t$ é o total de nacementos de nais nadas en Galicia durante o ano t

N^t é o total de nacementos durante o ano t .

3.2.17. Porcentaxe de nacementos de nais nadas no estranxeiro

- Definición: número de nacementos de nais nadas no estranxeiro por cada 100 nacementos.

- Fórmula de cálculo:

$$PN_{n \text{ nac estranx}}^t = \frac{N_{n \text{ nac estranx}}^t}{N^t} \times 100$$

Onde: $N_{n \text{ nac estranx}}^t$ é o total de nacementos de nais nadas no estranxeiro durante o ano t

N^t é o total de nacementos durante o ano t .

3.2.18. Porcentaxe de nacementos segundo a orde do nacemento

- Definición: número de nacementos de fillos de orde r por cada 100 nacementos. Diferénciase entre “Primeiro fillo”, “Segundo fillo”, “Terceiro fillo” e “Cuarto fillo ou seguintes”.
- Fórmula de cálculo:

$$PN_r^t = \frac{N_r^t}{N^t} \times 100$$

Onde: N_r^t é o total de nacementos de fillos de orde r durante o ano t

N^t é o total de nacementos durante o ano t .

3.3. Indicadores de mortalidade

3.3.1. Taxa bruta de mortalidade

- Definición: Número de defuncións por cada 1000 habitantes.
- Fórmula de cálculo⁷:

$$TBM^t = \frac{D^t}{\frac{P^t + P^{t+1}}{2}} \times 1000$$

Onde: D^t é o total de defuncións durante o ano t

P^t é o total de poboación no 1 de xaneiro do ano t .

3.3.2. Taxas de mortalidade por sexo

- Definición: Número de defuncións de cada sexo por cada 1000 persoas dese sexo.
- Fórmula de cálculo⁸:

$$TM_i^t = \frac{D_i^t}{\frac{P_i^t + P_i^{t+1}}{2}} \times 1000$$

Onde: D_i^t é o total de defuncións de persoas de sexo i durante o ano t

P_i^t é o total de poboación de sexo i no 1 de xaneiro do ano t .

⁷ No caso dos indicadores dos anos 1975 a 1997, utilízase no denominador a estimación intercensal da poboación no 1 de xullo de cada ano, en lugar de promediar as poboacións no 1 de xaneiro de dous anos consecutivos.

⁸ No caso dos indicadores dos anos 1975 a 1997, utilízase no denominador a estimación intercensal da poboación no 1 de xullo de cada ano, en lugar de promediar as poboacións no 1 de xaneiro de dous anos consecutivos.

3.3.3. Taxas específicas de mortalidade

- Definición: Relación entre as defuncións de persoas nun determinado grupo de idade co efectivo total de poboación nese grupo de idade.

- Fórmula de cálculo⁸:

$$m_{x,x+5}^t = \frac{D_{x,x+5}^t}{\frac{P_{x,x+5}^t + P_{x,x+5}^{t+1}}{2}} \times 1000$$

Onde: $D_{x,x+5}^t$ é o total de defuncións no ano t no grupo de idade $[x, x + 5)$.

$P_{x,x+5}^t$ é a poboación no grupo de idade $[x, x + 5)$ no 1 de xaneiro do ano t .

Os grupos de idade considerados⁹ son os seguintes: de 0 a 4 anos, de 5 a 9 anos, de 10 a 14 anos, ..., de 85 a 89 anos, de 90 a 95 anos, de 95 a 99 anos, e de 100 ou máis anos.

3.3.4. Taxa de mortalidade infantil

- Definición: Defuncións de menores dun ano por cada 1000 nados vivos.

- Fórmula de cálculo:

$$TMI^t = \frac{D_{<1ano}^t}{N^t} \times 1000$$

Onde: $D_{<1ano}^t$ é o total de defuncións de menores dun ano de vida

N^t é o total de nacementos durante o ano t .

Este indicador está dispoñible só para Galicia e provincias.

3.3.5. Taxa de mortalidade perinatal

- Definición: Defuncións de menores de 28 días (incluíndo as mortes fetais tardías) no ano por cada 1000 nacementos (incluíndo as mortes fetais tardías).

- Fórmula de cálculo:

$$TMP^t = \frac{D_{<28días}^t + MFT^t}{N^t + MFT^t} \times 1000$$

Onde: $D_{<28días}^t$ é o total de defuncións de menores de 28 días de vida

MFT^t é o total de mortes fetais tardías durante o ano t

N^t é o total de nacementos durante o ano t .

⁹ No caso dos indicadores dos anos 1975 a 2001, o derradeiro grupo de idade é o de 85 e máis anos.

Este indicador está dispoñible só para Galicia e provincias, e desde o ano 1997.

3.3.6. Taxa de mortalidade neonatal

- Definición: Defuncións de menores de 28 días no ano por cada 1000 nados vivos.
- Fórmula de cálculo:

$$TMP^t = \frac{D_{<28\text{días}}^t}{N^t} \times 1000$$

Onde: $D_{<28\text{días}}^t$ é o total de defuncións de menores de 28 días de vida

N^t é o total de nacementos durante o ano t .

Este indicador está dispoñible só para Galicia e provincias, e desde o ano 1997.

3.3.7. Taxa de mortalidade postneonatal

- Definición: Defuncións de nenos de entre 28 e 365 días de vida no ano por cada 1000 nados vivos.
- Fórmula de cálculo:

$$TMP^t = \frac{D_{28-365\text{días}}^t}{N^t} \times 1000$$

Onde: $D_{28-365\text{días}}^t$ é o total de defuncións de nenos de entre 28 a 365 días de vida

N^t é o total de nados vivos durante o ano t .

Este indicador está dispoñible só para Galicia e provincias, e desde o ano 1997.

3.3.8. Esperanza de vida ao nacer

- Definición: Estimación do promedio de anos que viviría unha persoa nacida no ano de referencia no caso de que as condicións de mortalidade se mantivesen constantes. A esperanza de vida non é a esperanza matemática do número de anos que vivirá realmente unha persoa, que sería o promedio da idade das persoas falecidas durante o ano.
- Fórmula de cálculo: Obtense da operación estatística *Táboas de mortalidade*¹⁰.

Este indicador está dispoñible só para Galicia e provincias, e desde o ano 2000.

¹⁰ http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0201007

3.3.9. Esperanza de vida aos 65 anos

- Definición: Estimación do promedio de anos que lle queda por vivir a unha persoa que chega con vida aos 65 anos, no caso de que as condicións de mortalidade se mantivesen constantes.
- Fórmula de cálculo: Obtense da operación estatística *Táboas de mortalidade*¹¹.
Este indicador está dispoñible só para Galicia e provincias, e desde o ano 2000.

3.3.10. Ratio de masculinidade á defunción

- Definición: Defuncións de homes no ano por cada 100 defuncións de mulleres.
- Fórmula de cálculo:

$$RMD^t = \frac{D_h^t}{D_m^t} \times 100$$

Onde: D_h^t é o total de defuncións de homes durante o ano t

D_m^t é o total de defuncións de mulleres durante o ano t .

3.4. Indicadores de nupcialidade e divorcios

3.4.1. Taxa bruta de nupcialidade

- Definición: Número de matrimonios¹² por cada 1000 habitantes.
- Fórmula de cálculo¹³:

$$TBNup = \frac{Matr^t}{\frac{P^t + P^{t+1}}{2}} \times 1000$$

Onde: $Matr^t$ é o total de matrimonios no ano t

P^t é o total de poboación no 1 de xaneiro do ano t .

3.4.2. Taxa xeral de nupcialidade

- Definición: Número de matrimonios¹² por cada 1000 individuos de 15 ou máis anos.
- Fórmula de cálculo¹³:

¹¹ http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0201007

¹² Total de matrimonios, que a partir do ano 2005 inclúe matrimonios con contraíntes do mesmo sexo.

¹³ No caso dos indicadores dos anos 1975 a 1997, utilízase no denominador a estimación intercensal da poboación no 1 de xullo de cada ano, en lugar de promediar as poboacións no 1 de xaneiro de dous anos consecutivos.

$$TXNup = \frac{Matr^t}{\frac{P_{>14anos}^t + P_{>14anos}^{t+1}}{2}} \times 1000$$

Onde: $Matr^t$ é o total de matrimonios no ano t .

$P_{>14anos}^t$ é a poboación de 15 e máis anos no 1 de xaneiro do ano t .

3.4.3. Idade media ao primeiro matrimonio

- Definición: Para cada sexo, media aritmética das idades ás que contraen matrimonio os solteiros, ponderada polas taxas específicas de nupcialidade dos solteiros.
- Fórmula de cálculo:

$$IMMatr^t = \frac{\sum_x \left(x + \frac{5}{2} \right) \times TNupS_{x,x+5}^t}{\sum_x TNupS_{x,x+5}^t}$$

Onde: $TNupS_{x,x+5}^t$ é a taxa específica de nupcialidade dos solteiros por idades, que se calcula como o cociente entre o total de matrimonios de solteiros e/ou solteiras dese grupo de idade e a poboación nese grupo de idade e sexo.

Por estar referidas as taxas específicas a grupos quinquenais, para cada grupo tómase a idade menor do intervalo máis a metade da súa amplitude (2,5).

Este indicador está dispoñible desde o ano 1998.

3.4.4. Taxa bruta de divorcios

- Definición: Número de divorcios por cada 1000 habitantes.
- Fórmula de cálculo:

$$TBD = \frac{Div^t}{\frac{P^t + P^{t+1}}{2}} \times 1000$$

Onde: Div^t é o total de divorcios no ano t

P^t é o total de poboación no 1 de xaneiro do ano t .

3.4.5. Idade media ao divorcio

- Definición: Para cada sexo, media aritmética das idades dos cónxuxes no momento da sentenza de divorcio, ponderada polas taxas específicas de divorcialidade.
- Fórmula de cálculo:

$$IMDiv^t = \frac{\sum_x \left(x + \frac{n}{2} \right) \times \frac{Div_x^t}{P_x^t}}{\sum_x \frac{Div_x^t}{P_x^t}}$$

Onde: Div_x^t é o total de divorcios no ano t de persoas no ámbito considerado de idade x ¹⁴

P_x^t é a poboación media no ano t no ámbito considerado de idade x .

4. Difusión

Os indicadores demográficos serán actualizados de forma continua na páxina Web do IGE, segundo estea dispoñible a información de base para a súa elaboración, con periodicidade anual.

O nivel de desagregación territorial dos indicadores varía en función do período de referencia da información: os indicadores correspondentes aos anos 1975 a 1997 preséntanse a nivel de Galicia e provincias, mentres que a partir do ano 1998 chegan ata o nivel xeográfico municipal, agás no caso de porcentaxes de nacementos segundo a orixe da nai e segundo a orde de nacemento, na esperanza de vida e nos indicadores de mortalidade infantil, que só se obteñen ata o nivel provincial; por outra parte, nos casos nos que é posible debido á natureza do indicador, a información aparece desagregada por sexo.

Non procede difundir os valores de comarcas ou concellos nos que o número de sucesos necesarios para a súa elaboración (número de nacementos no caso de fecundidade, defuncións no caso de mortalidade ou matrimonios no de nupcialidade), non sexa suficiente para garantir a utilidade do indicador para reflectir a evolución no tempo do fenómeno.

¹⁴ Os grupos de idade considerados son: os divorciados menores de 19 anos considéranse de 19 anos; os divorciados de máis de 75 anos, considéranse de 75 anos; o resto de idades agrúpanse en quinquenios: de 20 a 24 anos, de 25 a 29 anos, ... , de 70 a 74 anos.